



### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Como testemuña da dor dos cidadáns de Tui ante a explosión ocorrida no día de onte na parroquia de Paramos de Tui, e recollendo o sentir deste Concello polas vítimas e perdas sufridas.

Esta alcaldía, no uso das competencias que lle confire a lexislación vixente en materia de réxime local, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Declarar tres días de loito oficial que comprenderán dende as 10:00 horas do día 24 de maio de 2018 ata as 10:00 horas do día 27 de maio de 2018, durante os cales as bandeiras da Casa Consistorial, ondearán a media asta en sinal de loito.

**SEGUNDO.-** Mostrar a condolencia e solidariedade deste Concello e de tódolos seus veciños coas vítimas desta catástrofe.

**TERCEIRO.-** Suspende todos aqueles actos municipais que sexan contrarios a esta situación de duelo.

Mándao e asínoa o Sr. Alcalde, Carlos Vázquez Padín, en Tui.  
Documento asinado dixitalmente á marxe.

